

PROVIDENCIA DE ALCALDÍA

En data 30.04.14 foron aprobados por Resolución de Alcaldía nº 154/2014 os Pregos de condicións que rexen a adxudicación do contrato de arrendamento na súa modalidade de aluguer social de finca urbana, mediante concurso, para o seu uso como vivenda, no termo municipal de Ponte Caldelas.

Dado que nos Pregos, na cláusula 6, establece a composición da Mesa de contratación, por isto,

DISPOÑO

Primeiro: A composición da Mesa de contratación queda como segue:

- Presidente: O Sr. Alcalde, D. Perfecto Rodríguez Muíños, ou persoa en quen delegue.
- Secretario do Concello: O Sr. Secretario, D. Jacobo Barreiro Pimentel, ou persoa en quen delegue.
- Interventora municipal: A Sra. Interventora, D^a Maruxa Cabaleiro Cuíñas ou persoa en quen delegue.
- Traballadora Social do Concello: D^a Ana M^a Pazos Sánchez.
- Educadora Social do Concello: D^a Eva María Moldes Casal.
- Unha secretaria: funcionaria dos servizos xerais, D^a Elvira Crespo Casal.

Segundo: A Mesa de contratación procederá, en sesión non pública, á cualificación previa da documentación xeral do sobre A, o día 04.07.14 ás 13:00 horas na Casa do Concello.

Terceiro: Segundo se recolle na cláusula 6 dos Pregos recóllese que unha vez cualificada a documentación administrativa, poderá outorgarse prazo para a subsanación de erros na documentación por prazo non superior a tres días. A apertura do sobre B), que se realizará en acto público, fixarase por Resolución de Alcaldía que se publicará no taboleiro de anuncios e perfil do contratante.

Cuarto: Que se publique a presente providencia no Taboleiro e no Perfil do Contratante do Concello de Ponte Caldelas.

Ponte Caldelas, 4 de xullo de 2014

O Alcalde,

Asdo.: Perfecto Rodríguez Muíños